



Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial

Provisión de postos

05/06/2025

A CIG ven de recorrer o proceso selectivo para a provisión, polo sistema xeral de acceso libre, de 19 prazas de persoal laboral fixo, na Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial.

O proceso, convocado por resolución do 25 de marzo de 2025 da dirección da AESIA, ten por obxecto seleccionar, mediante o sistema de concurso-oposición, a persoal laboral fora do ámbito de aplicación do Convenio Único. Este persoal ten que ser titulado superior e terá unha equivalencia en persoal funcionario ao Subgrupo A1.

Dende a CIG non entendemos que o temario exixido na convocatoria sexa de tan só 9 temas de contido xeral, similar ao que se pide para a selección do persoal funcionario do subgrupo C2.

Na nosa opinión, neste proceso non existe adecuación entre o contido do exercicio da fase de oposición e as funcións a desenvolver.

En canto á fase de concurso, o 20% da valoración do mesmo depende dunha entrevista persoal o que, sumado á facilidade da fase de oposición, fainos dubidar da obxectividade da selección.

Por estes motivos, e ante a pasividade do Ministerio de Transformación Dixital e de Función Pública, vémonos obrigados a recorrer á vía xudicial.

Seguiremos informando.